



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O ANO 2018

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral formalizou co **Concello da Coruña** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 07/06/2018 ata o 31/12/2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Coruña para a realización de actividades de formación dirixidas ao persoal ao servizo deste concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Concello da Coruña acordan subscribir este convenio de colaboración para o ano 2018 co fin de materializar a cooperación para fomentar e promover o uso da lingua galega, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Que o Concello da Coruña ten entre os seus obxectivos potenciar o uso do galego dentro do seu ámbito de competencias.

Que as partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Pleno do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, e que recolle, entre os seus obxectivos específicos, o de consolidar o galego como lingua xeral de referencia na Administración local e o de mellorar, por parte do persoal ao seu servizo, a calidade do idioma falado e escrito.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

